



GUÍA DOCENTE DE **TECNOLOXÍAS APLICADAS A PRODUCCIÓN E DIFUSIÓN I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: TECNOLOXÍAS APLICADAS A PRODUCCIÓN E DIFUSIÓN I-IV										
ESPECIALIDADE	Produción e Xestión					ITINERARIO	-----			
CARÁCTER	Obrigatoria					TIPO DE CLASE	Colectiva			
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Produción e Xestión	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5h.
ECTS/CUAD.	2	2	2	2					Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento teórico-práctico da tecnoloxía e dos procedementos dirixidos a dar apoio á produción e xestión musical da tecnoloxía musical en distintos contornos de programación de síntese de son. Uso de equipamentos, dispositivos, periféricos e informática aplicada para a xestión e produción.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T4, T12, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X4, X5, X7, X10, X21, X23, X24, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX2, EPX3, EPX4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Realizar edicións de todo tipo de partituras do xeito máis eficaz e abrangendo todas as posibilidades dun editor de partituras.	Todas
2. Realizar instrumentacións virtuais de partituras empregando todas as posibilidades do audio e do MIDI	Todas
3. Coñecer os conceptos teóricos básicos no terreo do audio dixital.	Todas
4. Interacción do programa FINALE con outros programas para permitir a súa exportación noutros formatos, como pdf, XL, audio ou extracción de exemplos musicais en jpg ou tiff, a súa importación en word, e aplicación a outros campos.	Todas
5. Aplicar os coñecementos adquiridos na realización de traballos.	Todas
6. Aprender os conceptos básicos de conexión dos aparatos electrónicos fundamentais para crear un estudio persoal de informática musical.	Todas
7. Sintetizar un instrumento virtual a partir de diferentes samplers.	Todas
8. Capacitar o alumno no proceso de sincronía de vídeo e audio.	Todas
9. Elaborar guión (score) e particellas con calidade a partir dunha partitura proposta do século XX-XXI, levando así á práctica os coñecementos adquiridos sobre todos os ámbitos musicais.	Todas
10.- Aprender a integrar o material compositivo sonoro dun xeito creativo procedente de distintas fontes, nun medio homoxeneo.	Todas
11.-Saber aplicar e aproveitar as novas tecnoloxías no ámbito da creación musical contemporánea nunha variedade ampla de contextos e formatos, incluíndo as colaboracións con outros campos artísticos.	Todas



12.- Entender e profundizar nos fundamentos físicos e musicais da acústica e psicoacústica.	Todas
---	-------

4. CONTIDOS

1. O ordenador, as plataformas e os sistemas operativos. A edición musical e a informática. Coñecemento do contorno da notación. Os editores de partituras. Configuración das preferencias. As ferramentas de notación.
2. Elementos básicos da notación musical e creación de patróns de instrumentos: Figuras. Silencios. Alteracións. Ligaduras de valor e expresivas. Puntillo. Notas de adorno. Símbolos de 8ª alta e baixa. Pauta, número de liñas. Compases e números de compás. Pentagramas e grupos. Armadura, compás (metro) e clave. Características de cada instrumento: nome, clave, barrado, transporte, eliminar pausas, etc.
3. Elementos máis complexos da notación e adición de texto a un fragmento musical: notas dun pentagrama a outro. Divisi (escrita por capas). Enharmónicos. Grupos irregulares. Signos de articulación, expresión e repetición. Transposición diatónica e cromática. Trinos e trémolos. Notación antiga. Modificación das cabezas de nota e plicas. Escrita do texto nunha e en varias voces. Duplicación do texto no mesmo ou noutro pentagrama. Colocación do texto. Colocación individual de sílabas. Borrar sílabas. Melismas.
4. Formateo e impresión da partitura: Tamaño, disposición e sangrado da páxina. Títulos. Números de páxina. Bloques de texto. Impresión. Partes extractadas.
5. Formatos de arquivo e compatibilidades: .sib, .mus, etc., exportar como gráficos, pdf.
6. Historia da norma. Equipos controladores e mensaxes. Mensaxes de canle e de sistema. Mensaxes controladores e de sistema exclusivo. O sistema de canles Midi. Cables e conectores. Interface Midi. Ampliacións da norma: SMF, MMC, MTC, GM. Conexions e hardware midi.
7. A secuenciación MIDI no Cubase, Nuendo, Logic, Digital Performer ou Pro Tools. Conversión MIDI a formato audio.
8. Conceptos da síntese dixital: A envolvente, modulación de baixa frecuencia, filtros, control MIDI. Técnicas da síntese dixital: Síntese aditiva, modulación de frecuencia, Síntese por tabla de ondas. O sampler. Antecedentes. Funcionamento. A creación dun instrumento a través do programa Halion. Os loops.
9. Sincronía dunha pista de vídeo dixital co audio: Arquivos de vídeo: AVI, Mpeg-1, Mpeg-2, Vob, etc. Arquivos de audio: Wav, Mp3, Acc, Ogg, Real audio, WMA, Flac, Aiff, etc. Conversión de arquivos audio e vídeo. Extracción do audio dun arquivo de vídeo ou dun DVD.
10. Introducción a sonorización de salas e procesamento do son en directo a través de entornos interactivos.
11.- Acústica física e musical.
12.- O proceso de síntese do son.
13.- Continuación no estudo do manexo e coñecemento das ferramentas informáticas e electrónicas para a edición, procesado, montaxe, grabación e secuenciación de audio.
14.- Profundización no emprego e manexo dos procesos básicos da edición dixital.
15.- Coñecemento analítico e auditivo das obras máis importantes do repertorio electroacústico e mixto.
16.- Estudo da relación das técnicas de composición tradicionais, relacionándoas cós medios electroacústicos e da tecnoloxía actual.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases teóricas	Presencial	Durante o cuadrimestre
Práctica colectiva	Presencial	Durante o cuadrimestre
Pescuda de información	Non Presencial	Esporádica
Exposición de traballos	Presencial	Durante o cuadrimestre
Probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Titorías	Presencial	Esporádica

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.
No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestre da disciplina*